

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á creación dun xulgado do social e outro do mercantil na Coruña.

Exposición de motivos

Coincidente coas demandas expostas de xeito reiterado polos profesionais e traballadoras e traballadores da xustiza e recollidas nas memorias anuais de xulgados e tribunais de Galicia, vence de manifestar unha vez máis a Xunta de persoal da administración de xustiza para reclamar novos medios materiais e humanos para enfrontar a saturación dos xulgados coruñeses.

En particular cómpre facer fincapé na carga de traballo que soportan os xulgados mixtos que levan tamén asuntos de violencia de xénero sen recibir incremento algún do seu cadro de persoal.

Doutra banda, non cesa de aumentar o escandaloso incremento das cifras dos asuntos pendentes nos xulgados do social e do mercantil avalan a perentoriadade de dispor de novos xulgados námbalas dúas xurisdicións.

Os casos pendentes ao rematar 2013 eran xa 6.861 asuntos nos cinco xulgados do social da Coruña. Ao rematar 2014, esa situación intolerable xa compostaba ter pendentes 8.449 asuntos. Litixiosidade en aumento – malia as taxas - que vén da man da crise-estafa e os despedimentos e conflitos derivados dun ataque brutal contra os dereitos da clase traballadora.

No eido da xurisdición mercantil o reforzou dun maxistrado en forma de comisión de servizo prorrogable cada 6 meses resulta de todo punto insuficiente. Os concursos pendentes seguen a crecer, pasando de 733 ao comezo do exercicio 2014 e os 787 ao

rematar o ano. Sufriuse nesta xurisdición un moi notable incremento dos asuntos pendentes en materia non concursal, que pasaron ao longo do exercicio de 288 a 497.

Unha xustiza que non resolve en tempo útil os litixios deixa de ser xustiza. E a negativa do PP para crear novos órganos xudiciais en Galicia dende 2010 retrata a súa decisión de atrancar a administración de xustiza.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate Plenario:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar as xestións oportunas conducentes á creación dun novo xulgado do social e outro xulgado do mercantil na Coruña.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar as actuacións que permitan ampliar o cadro de persoal dos xulgados mixtos que entenden de violencia de xénero.

En Compostela, a 11 de decembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/12/2015 11:33:35